

## IV.- PROBAS DE CICLOCROSS

### IV-A.- REGULAMENTOS TÉCNICOS DAS PROBAS DE CICLOCROSS

#### IV-A.1.-NORMATIVA XERAL

Para todas as probas de carácter autonómico na modalidade de ciclocross a celebrar na Comunidade Autónoma de Galicia temporada 2019-2020, seguiranse as disposicións marcadas polo disposto no presente regulamento, e nos puntos non contemplados nesta normativa, rexeranse polo estipulado na Normativa Técnica da Real Federación Española de Ciclismo baixo o epígrafe “Probas de Ciclocross.”

#### IV-A.2.-PROMOCIÓN

A criterio do organizador poderase realizar unha proba de Promoción con corredores/as de categorías: principiantes, alevíns e infantís que posúan licenza federativa. A distancia non pode ser superior a unha volta. Non haberá clasificación en promoción.

Nas probas de Promoción se o organizador da proba as incluíse, poderán participar os rapaces con bicicleta de BTT ou bicicleta de Ciclocross.

#### IV-A.3.-INSCRICIÓNS

En todas as probas a disputar de Ciclocross, deberase realizar a preinscrición en cada unha das probas a través do portal de inscricións da páxina web da Federación Galega de Ciclismo (FGC). Aínda así, todos os corredores/as están obrigados a confirmar a súa participación debendo presentarse persoalmente ou a través do seu director deportivo ou representante de clube coa súa licenza ao Xurado Técnico na oficina permanente de cada proba desde unha hora e media e ata media hora antes da primeirasaída.

- Para as probas que se celebren durante o fin de semana, as preinscricións se pecharán o mércores anterior as **23:59 horas**.

- Para as probas que se celebren durante a semana, as preinscricións se pecharán tres días antes da proba as **23:59 horas**.

A categoría de Promoción poderá facer a súa preinscrición na páxina web da FGC. **Soamente estará permitida a preinscrición online.**

#### IV-A.4.-SAÍDAS DAS CATEGORÍAS E HORARIOS

Número de mangas e horarios de saída para cada categoría, segundo a proba se dispute en horario de mañá ou tarde. \*En función das condicións climatolóxicas, estes horarios poderán sufrir variacións a partir da 1ª saída.

\*No caso de haber proba de PROMOCIÓN comezará a partir das 09.30 horas cando a proba teña lugar en horario de mañá e a partir das 14:30 horas cando a proba teña lugar en horario de tarde.

\*Soamente en casos excepcionais, a FGC autorizará probas en horarios distintos aos establecidos.

#### 1ª Saída

#### Mañá

<b>MÁSTER 50/60</b>	<b>10:00</b>
<b>MÁSTER 30</b>	
<b>FÉMINAS MÁSTER</b>	

#### 2ª Saída

<b>MÁSTER 40</b>	<b>11:00</b>
------------------	--------------

#### 3ª Saída

<b>CADETE</b>	<b>12:00</b>
<b>FÉMINAS CADETE</b>	

#### 4ª Saída

<b>ELITE e SUB 23</b>	<b>Ao finalizar a carreira anterior</b>
<b>JUNIOR</b>	
<b>FÉMINAS ELITE e SUB 23</b>	

**FÉMINAS JUNIOR**

A cerimonia de entrega de premios terá lugar **ao finalizar a 4ª saída e o período de reclamacións.**

Para as probas en horario de tarde, as saídas poderanse adiantar 30 minutos por motivos de luz solar.

**1ª Saída**

**Tarde**

<b>MÁSTER 50/60</b>	<b>15:00</b>
<b>MASTER 30</b>	
<b>FÉMINAS MÁSTER</b>	

**2ª Saída**

<b>MÁSTER 40</b>	<b>Ao finalizar a carreira anterior</b>
<b>CADETE</b>	
<b>FÉMINAS CADETE</b>	

**3ª Saída**

<b>ELITE e SUB 23</b>	<b>Ao finalizar a carreira anterior</b>
<b>JUNIOR</b>	
<b>FÉMINAS ELITE e SUB 23</b>	
<b>FÉMINAS JUNIOR</b>	

A cerimonia de entrega de premios terá lugar **ao finalizar a 3ª saída e o período de reclamacións.**

Recoméndase que a zona de saída non coincida con percorrido para montaxe de grellas de saída

### IV-A.5.-DURACIÓN DAS PROBAS

Debe aproximarse o máis posible a:

- Cadetes: 30 min.
- Juniors: 40 min.
- Sub-23: 50 min.
- Élite: 60 min.
- Máster 30 / 40 / 50 / 60: 40 min.
- Fémimas cadete: 30 min.
- Fémimas junior: 40 min.
- Fémimas máster: 40 min.
- Fémimas elite/sub-23: mínimo 40 min. - máximo 50 min.

### IV-A.6.-NÚMERO DE VOLTAS

O número de voltas calcúlanse e anuncian ao finalizar a segunda volta

	1 vta.	2 vta.	3vta.	4 vta.	5 vta.	6 vta.	7 vta.	8 vta.	9 vta.	10 vta	11 vta.	12 vta.	13 vta.	14 vta.	15 vta.	16 vta.	17 vta.
80%																	
2:48	3:30	7:00	10:30	14:00	17:30	21:00	24:30	28:00	31:30	35:00	38:30	42:00	45:30	49:00	52:30	56:00	59:30
3:00	3:45	7:30	11:15	15:00	18:45	22:30	26:15	30:00	33:45	37:30	41:15	45:00	48:45	52:30	56:15	60:00	
3:12	4:00	8:00	12:00	16:00	20:00	24:00	28:00	32:00	36:00	40:00	44:00	48:00	52:00	56:00	60:00		
3:24	4:15	8:30	12:45	17:00	21:15	25:30	29:45	34:00	38:15	42:30	46:45	51:00	55:15	59:30	63:45		
3:36	4:30	9:00	13:30	18:00	22:30	27:00	31:30	36:00	40:30	45:00	49:30	54:00	58:30	63:00			
3:48	4:45	9:30	14:15	19:00	23:45	28:30	33:15	38:00	42:45	47:30	52:15	57:00	61:45				
4:00	5:00	10:00	15:00	20:00	25:00	30:00	35:00	40:00	45:00	50:00	55:00	60:00					
4:12	5:15	10:30	15:45	21:00	26:15	31:30	36:45	42:00	47:15	52:30	57:45	63:00					
4:24	5:30	11:00	16:30	22:00	27:30	33:00	38:30	44:00	49:30	55:00	60:30						
4:36	5:45	11:30	17:15	23:00	28:45	34:30	40:15	46:00	51:45	57:30	63:15						
4:48	6:00	12:00	18:00	24:00	30:00	36:00	42:00	48:00	54:00	60:00							
5:00	6:15	12:30	18:45	25:00	31:15	37:30	43:45	50:00	56:15	62:30							
5:12	6:30	13:00	19:30	26:00	32:30	39:00	45:30	52:00	58:30	65:00							
5:24	6:45	13:30	20:15	27:00	33:45	40:30	47:15	54:00	60:45								
5:36	7:00	14:00	21:00	28:00	35:00	42:00	49:00	56:00	63:00								
5:48	7:15	14:30	21:45	29:00	36:15	43:30	50:45	58:00	65:15								
6:00	7:30	15:00	22:30	30:00	37:30	45:00	52:30	60:00									
6:12	7:45	15:30	23:15	31:00	38:45	46:30	54:15	62:00									
6:24	8:00	16:00	24:00	32:00	40:00	48:00	56:00	64:00									
6:36	8:15	16:30	24:45	33:00	41:15	49:30	57:45	66:00									
6:48	8:30	17:00	25:30	34:00	42:30	51:00	59:30	68:00									
7:00	8:45	17:30	26:15	35:00	43:45	52:30	61:15										
7:12	9:00	18:00	27:00	36:00	45:00	54:00	63:00										
7:24	9:15	18:30	27:45	37:00	46:15	55:30	64:45										
7:36	9:30	19:00	28:30	38:00	47:30	57:00	66:30										
7:48	9:45	19:30	29:15	39:00	48:45	58:30	68:15										
8:00	10:00	20:00	30:00	40:00	50:00	60:00											
8:12	10:15	20:30	30:45	41:00	51:15	61:30											
8:24	10:30	21:00	31:30	42:00	52:30	63:00											
8:36	10:45	21:30	32:15	43:00	53:45	64:30											
8:48	11:00	22:00	33:00	44:00	55:00	66:00											

### IV-A.7.-ZONA DE MATERIAL E ACREDITACIÓNS

A zona de material deberá estar sinalizada e cumprir as medidas según normativa. Ao longo do posto de material debe crearse unha separación, por medio de valos e cintas, entre o circuíto da carreira e o corredor do cambio de material. O posto de material debe estar sinalado e delimitado de forma precisa mediante una bandeira amárela ao principio e ao final da separación entre os dous corredores. Á beira do pasillo de cambio de material colocarase unha zona reservada aos mecánicos e o seu material, dunha profundidade mínima de 2 metros.

Soamente o persoal de asistencia debidamente inscrito, acreditado e provisto de licenza federativa anual, poderá permanecer nas zonas de material, isto será de obrigado cumprimento.

As acreditacións serán entregadas polo Xurado Técnico de cada proba, na entrada á zona de material, previa presentación da licenza anual: mecánico, director deportivo, monitor ou corredor. Soamente se permitirá dúas acreditacións por corredor. Non se permitirá o acceso de persoas sen acreditación á zona.

### IV-B.- CAMPIONATO DE GALICIA

#### IV-B.1.- PARTICIPACIÓN

Poderán participar calquera corredor con licenzia expedida pola RFEC ou por calquera federación afiliada a UCI e só os/as corredores/asconlicenzia federativa expedida pola Federación Galega de Ciclismo poderán optar a medallas nos podios dos campionatos.

Os participantes con licenzia federativa expedida por unha federación distinta a Federación Galega, terán opción a podio da proba pero nunca a podio do Campionato de Galicia.

Os/As corredores/as galegos/as non poderán participar en probas fóra de Galicia, coincidindo cos campionatos autonómicos da súa categoría, a non ser que a proba en disputa sea de rango superior.

#### IV-B.2.- CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

Deberase realizar una preinscripción dos/as participantes que se pechará o mércores anterior á disputa do Campionato, **as 23:59 horas**. A devandita preinscripción realizarase na páxina web da Federación Galega de Ciclismo.

O mesmo día da proba desde unha hora e media e ata media hora antes da primeira saída, deberanse recoller os dorsais e confirmar a preinscripción mediante a mostra ao Xurado Técnico da licenzia do/a corredor/a.

#### IV-B.3.-CATEGORÍAS

As categorías de competición do Campionato de Galicia, únicas con dereito a maillot acreditativo e medallas serán:

### MASCULINA

- Élite
- Sub-23
- Júnior
- Cadete
- Máster 30
- Máster 40
- Máster 50
- Máster 60

Realizarase podio de cada categoría, sempre e cando participen polo menos 3 corredores

### FEMININA

- Élite
- Sub 23
- Júnior
- Cadete
- Máster 30
- **Máster 40**
- **Máster 50**

Realizarase podio de cada categoría, sempre e cando participen polo menos 3 corredoras.

**No caso de que non exista un mínimo de inscritos/as nalgunha das categorías, participaran na categoría de rango superior por idade (inferior no caso de máster) optando ao pódium da carreira, pero sen opción ao título do campionato.**



\* Queda a elección do organizador poder realizar unha proba de Promoción para as categorías: principiantes, alevíns e infantís para corredores/as que posúan licenza federativa, constando no seu regulamento particular. A inscrición destes corredores será gratuíta e non existirá Campionato de Galicia, soamente é unha proba complementaria do Campionato. Non haberá clasificación.

#### IV.-B.4.-ORDE DE SAÍDA

Para as categorías elite, sub-23, cadete, júnior, máster 30 / 40 / 50 / 60, féminas cadete, féminas júnior, féminas sub 23, féminas elite e féminas master establecerase de acordo á puntuación obtida polos/as corredores/as na clasificación individual do Ranking de Ciclocross da FGC actualizado á semana anterior da data fixada para a celebración do Campionato de Galicia. Os/as corredores/as sen puntos na clasificación, colocaranse a continuación.

#### IV.-B.5.-PREMIOS E TROFEOS

Recibirán medallas e trofeos os tres primeiros clasificados de cada categoría e o primeiro clasificado, o maillot e ramo de flores, que o acredita como Campión de Galicia do ano. O maillot de Campión de Galicia entregado na cerimonia protocolaria non poderá levar ningunha publicidade do patrocinador ou patrocinadores do corredor no momento da súa imposición, á parte da establecida pola FGC.

Recibirán trofeos os corredores que obtén o podio da proba, aqueles que estean en posesión da licenza federativa expedida por unha federación distinta a Federación Galega.

Os premios mínimos en metálico distribuiránsese seguindo a taboa:

	ELITE E SUB 23 MASCULINO CONXUNTAMENTE	ELITE E SUB 23 FEMININO CONXUNTAMENTE
1º	100,00 €	100,00 €
2º	60,00 €	60,00 €
3º	40,00 €	40,00 €
4º	30,00 €	30,00 €
5º	15,00 €	15,00 €
<b>TOTAIS</b>	<b>245,00 €</b>	<b>245,00 €</b>



### IV-C.- REGULAMENTO COPA GALICIA DE CICLOCROSS

A Federación Galega de Ciclismo establece como **circuito autonómico o denominado COPA GALICIA DE CICLOCROSS para as probas seleccionadas** do calendario galego CX **2019-2020**, a excepción do Campionato de Galicia que non puntuara para dita Copa.

**Todas as probas do calendario galego que soliciten ter Clase 1.33.5: proba nacional con costre arbitral da autonomía (410€), deberán abonar a RFEC a taxa correspondente (150€), quedando exentas do pago da taxa autonómica da FGC (120€).**

#### IV-C.1.- PARTICIPANTES

A Copa Galicia de Ciclocross está aberta á participación de todos os deportistas, con licenza federativa expedida pola Unión Ciclista Internacional ou algún organismo dependente.

En cada proba puntuable establecerase unha clasificación individual por categorías:

- Cadete masculino
- Junior masculino
- Sub 23 masculino
- Élite masculino
- Máster 30 masculino
- Máster 40 masculino.
- Máster 50 masculino
- **Máster 60 masculino**
- Cadete feminino
- **Junior feminino**
- **Sub 23 feminino**
- **Élite feminino**
- **Máster 30 feminino**
- **Máster 40 feminino**

- **Máster 50 feminino**

#### **IV-C.2.-ORDE DE SAÍDA**

##### **IV-C.2.1.- ORDE DE SAÍDA, PRIMEIRA PROBA DA COPA**

Os 10 primeiros postos da grella de saída ocuparanse cos 10 primeiros corredores da clasificación xeral individual da Copa Galicia CX do ano anterior, sempre que manteñan a mesma categoría. O resto de corredores colocaranse a continuación.

##### **IV-C.2.2.- ORDE DE SAÍDA, PARA O RESTO DAS PROBAS**

A orde da posición na grella de saída das distintas categorías, determinase pola clasificación xeral individual da Copa Galicia. Os 10 primeiros clasificados ocuparán as 10 primeiras posicións da grella e o resto de corredores situaranse a continuación.

O líder ocupará sempre a primeira posición na grella de saída e deberá vestir co maillot que o acredita como tal. O incumprimento desta disposición penalizarase con 20 puntos na clasificación xeral individual.

##### **IV-C.3.- DISTANCIA DE CIRCUITOS**

Entre 2.400 m e 3.000 m según Normativa Técnica RFEC

##### **IV-C.4.- CLASIFICACIÓN XERAL INDIVIDUAL**

As clasificacións xerais individuais actualizaranse despois de cada unha das probas puntuables. No caso das categorías conxuntas se diferenciará cada unha delas cun asterisco indicando a súa categoría correspondente.

No caso de probas en días consecutivos, a orde de saída non cambia respecto do primeiro día.

O vencedor da Copa Galicia obterase pola suma dos puntos obtidos en cada unha das probas, sendo vencedor o que máis puntos obteña. En caso de empate, sería o primeiro o que máis primeiros postos parciais obteña, de manterse, computaríanse os segundos postos e así sucesivamente. En caso de persistir o empate, declararase vencedor o que obteña o mellor posto na última proba da Copa Galicia

Para o sistema de puntuación da clasificación xeral individual, outórganse puntos aos 25 primeiros clasificados de cada categoría segundo a táboa adxunta.

POSTO	PUNTUACIÓN	POSTO	PUNTUACIÓN
1º	150 Puntos	14º	32 Puntos
2º	120 Puntos	15º	30 Puntos
3º	100 Puntos	16º	28 Puntos
4º	80 Puntos	17º	26 Puntos
5º	70 Puntos	18º	24 Puntos
6º	60 Puntos	19º	22 Puntos
7º	55 Puntos	20º	20 Puntos
8º	50 Puntos	21º	18 Puntos
9º	45 Puntos	22º	16 Puntos
10º	40 Puntos	23º	14 Puntos
11º	38 Puntos	24º	12 Puntos
12º	36 Puntos	25º	10 Puntos
13º	34 Puntos		

#### IV-C.5.- PREMIOS, TROFEOS E MAILLOT DE LÍDER

O final de cada proba recibirán o correspondente trofeo os 3 primeiros/as clasificados/as de cada categoría. Impoñeráse o maillot de líder da Copa Galicia de Ciclocross, ao primeiro/a da clasificación xeral individual despois da carreira, en cada unha das categorías:

Homes:

- o Cadete
- o Junior
- o Sub 23
- o Élite
- o Máster 30
- o Máster 40

- Máster 50
- **Máster 60**

Mulleres:

- Cadete
- Junior
- Sub 23
- Élite
- **Máster 30**
- **Máster 40**
- **Máster 50**

**PROMOCIÓN:** non se entregarán premios, nin trofeos, non se fará clasificación.

Os premios mínimos nas probas na modalidade de Ciclocross do Calendario Galego son os que se indican no Apéndice I. Obrigas Financeiras e no art.7 desta Normativa.

Entregaranse maillots de líder aos primeiros clasificados de cada categoría. Os líderes teñen a obrigaçión de portar o maillot que o acredita como tal en cada unha das probas puntuables para a Copa Galicia. O incumprimento desta disposición penalizarase con 20 puntos na clasificación xeral individual.

#### **IV-F.6.- ACTO PROTOCOLARIO ENTREGA DE PREMIOS**

O acto protocolario de entrega de premios terá lugar ao finalizar a competición de todas as categorías.

En todos os actos protocolarios de entrega de premios, os corredores/as deberán subir ao podium co equipamento oficial de competición do seu equipo (maillot e culotte). Soamente, en condicións climatolóxicas moi adversas se permitirá subir co chandal do club (previo acordo entre o clube organizador e o Xurado Técnico da proba). O

incumprimento de non levar o equipamento oficial de competición do seu equipo, penalizarase con 20 puntos na clasificación xeral individual.

Reincidencias, no caso de que un corredor/a incumpra ca norma anterior, aplicaráselle as seguintes sancións: a primeira vez penalizaráselle con 20 puntos, a segunda dobraráselle os puntos e a terceira descualificaráselle da clasificación xeral individual

O corredor/a ten a obriga de presentarse ao acto protocolario de entrega de premios. O seu incumprimento penalizarase con 20 puntos na clasificación xeral individual.

A Federación Galega de Ciclismo, ao final da Copa Galicia de Ciclocross, entregará premios aos 3 primeiros clasificados de cada categoría e obsequio ao mellor equipo. A clasificación por equipos obterase coa suma dos puntos individuais do ranking conseguidos por o primeiro mellor corredor de cada equipo en cada categoría.

#### IV-D.- PREMIOS MÍNIMOS PARA CARREIRAS EN CICLOCROSS

	ELITE E SUB 23 MASCULINO CONXUNTAMENTE	ELITE E SUB 23 FEMENINO CONXUNTAMENTE
1º	100,00 €	100,00 €
2º	60,00 €	60,00 €
3º	40,00 €	40,00 €
4º	30,00 €	30,00 €
5º	15,00 €	15,00 €
<b>TOTAIS</b>	245,00 €	245,00 €

\*Categorías Máster masculino e feminino non terán dereito a premio en metálico

#### IV-E.- RANKING DA FEDERACIÓN GALEGA DE CICLISMO

A Federación Galega de Ciclismo, establecerá un ránking de puntos para ciclistas con licenza federativa galega. Concederanse puntos en todas as probas que se celebren en Galicia de Ciclocross de todas as categorías competitivas. Non puntuarán aquelas probas que nas súas clasificacións non contemplan distinción de todas as categorías.

# FEDERACIÓN GALEGA DE CICLISMO

## NORMATIVA TÉCNICA 2020

Elaborarase un ranking por categoría e disciplina, tanto masculino, como feminino.

A Federación Galega de Ciclismo, entregará ao primeiro clasificado do ranking de cada categoría un galardón como vencedor do mesmo na Gala do Ciclismo Galego.

O baremo para establecer o ranking autonómico será en función da clasificación individual de cada proba e repartíndose segundo a seguinte táboa:

POSTO	PUNTUACIÓN
1º	150 Puntos
2º	120 Puntos
3º	100 Puntos
4º	80 Puntos
5º	70 Puntos
6º	60 Puntos
7º	55 Puntos
8º	50 Puntos
9º	45 Puntos
10º	40 Puntos

No caso de empate, será o primeiro o que máis primeiros postos parciais obteña, de manterse, computaríanse os segundos postos e así, sucesivamente. En caso de persistir o empate, declararase vencedor do Ranking FGC o que obteña o mellor posto na última proba do calendario.